

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de outubro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

g) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ATELIER SOCIAL, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto e tendo en conta que EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. presentou o Anexo III indicando que concorre con solvencia de un terceiro (ASOCIACIÓN VODEA) é necesario que:

1. EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L.

- Presenten un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "Baséase o operador económico na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección contemplados na parte IV e os criterios e normas (no seu caso) contemplados na parte V, máis abaixo?" contesta que NON.
- Presenten un DEUC cumprimentado e asinado dixitalmente pola devandita ASOCIACIÓN VODEA dacordo coa cláusula 14.2.A do PCAP.

2. AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

- En concreto presentar un novo Anexo II no que aclare se vai a subcontratar servidores xa que no Anexo II enviado faise referencia á posible subcontratación de servizos e non de servidores de datos. Asemade, si realmente hai intención de subcontratar estes servidores, habería que incluír con qué empresa se subcontratarán e a ubicación dos devanditos servidores tal é como establece o artigo 122.2 LCSP .

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (*"As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"*), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **03 de novembro de 2022**

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)